
IMAGINA ATLANTICA: TERRITORIOS
CREATIVOS INNOVADORES

**INFORME DA REUNIÓN DA
ACCION_WP4
Angoulême23_24.11.2010**



ESPACE ATLANTIQUE
Programme Transnational



European Union

European Regional
Development Fund

IMAGINA ATLANTICA: ESPAZO ATLÁNTICO, TERRITORIOS CREATIVOS INNOVADORES

ACCION WP4.2: PERCORRIDO DE LUZ SANTIAGO DE COMPOSTELA

Durante os días 23 e 24 de novembro celebrouse en Angoulême (Francia) a reunión de socios do proxecto IMAGINA ATLANTICA para establecer a liñas a seguir nas accións de Programas de Intercambio (en adiante WP3) e Revalorización do Patrimonio (en adiante WP4).

O presente informe refírese unicamente as accións adscritas a WP4- Revalorización do Patrimonio onde a DX Xuventude e Voluntariado da Xunta de Galicia levou como proposta *Un percorrido de luz, son e arte dixital nas rúas compostelanas.*

Os socios asistentes ao encontro de Angoulême foron:

- GrandAngoulême (anfitrión)
- Technium Cast
- Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Xunta de Galicia
- Deputación de Ourense
- Eixo Atlántico
- Fundação da Juventude
- Amnyos Consultants

As reunión e Seminarios celebrados tiveron lugar de forma paralela e o encontro dividiuse da seguinte maneira:

- Seminarios do Grupo para a Revalorización do Patrimonio (WP4)
- Seminarios do Grupo Programas de Intercambio (WP3)
- Visitas a distintas Institucións, Escolas e museos
- Reunión Final do Comité Directivo

- I. Na **primeira xornada de traballo** do grupo WP4, os distintos membros do proxecto con acción a desenvolver no eido do grupo de traballo WP4 fixeron unha presentación das súas propostas.

TECHNIUM CAST (representado polo Director de Estratexia Rexional do Norte de Gales) presentou como proposta para a revalorización do seu patrimonio, a recuperación e promoción do camiño de Santiago nas súas terras. Un percorrido por distintos monumentos nunha ruta de aproximadamente de 100km apoiándose na tecnoloxía dos *smartphones* para as distintas localizacións e explicacións dos monumentos. O marco xeral do seu proxecto desenvolveríase nunha plataforma virtual que denominan People's Collection e que sería o referente para os visitantes tanto para localizar información cultural, como aloxamento e restaurantes así como distintos comentarios de visitantes a modo de rede social.

EIXO ATLANTICO (representado pola responsable de Turismo de Guimaraes) presentou como proposta un percorrido por distintas rúas e monumentos de Guimaraes facendo fincapé na historia cotiá (e non histórico) dos edificios, dos seus moradores e lendas populares dos mesmos. No momento da reunión aínda non tiñan claro como desenvolver o proxecto e o tipo de tecnoloxía ou materiais que poderían empregar no desenvolvemento da ruta.

FUNDAÇÃO DA JUVENTUDE (representada por un membro da Comisión de desenvolvemento do Norte de Portugal) amosou as posibilidades que ofrece o val do Douro para a aplicación de distintos proxectos de revalorización, se ben no momento da reunión aínda non tiñan claro como e que proxecto poderían e tampouco o tipo de tecnoloxía a empregar.

DEPUTACION DE OURENSE (representada por unha técnico en turismo) propuxo un percorrido pola Ribeira Sacra facendo fincapé en dous monumentos en concreto: San Estevo e Santa Cristina de Ribas de Sil así como en distintos elementos paisaxísticos e culturais. No momento da reunión aínda non tiñan claro como desenvolver o proxecto e o tipo de tecnoloxía ou materiais que poderían empregar no desenvolvemento da ruta

XUNTA DE GALICIA (representada por un Experto en Patrimonio). presentou o seu proxecto PERCORRIDO DE LUZ. Un percorrido no que co apoio de luz, son e tecnoloxía dixital propón un percorrido turístico alternativo dentro da cidade de Compostela para dar a coñecer a idiosincrasia da Europa Atlántica, das súas culturas, cidades e aspectos mais descoñecidos tendo como eixo central a cultura galega. Todo isto promovendo o intercambio de novos creadores (idea central do Proxecto IMAGINA ATLANTICA), para que coas súas obras e actividades poidamos recuperar prazas e lugares ocultos de Santiago, incluso para os propios habitantes de Santiago.

O Proxecto pormenorizado e detallado presentase no documento adxunto: IMAGINA ATLANTICA: TERRITORIOS CREATIVOS INNOVADORES: ACCIÓN WP4.2: RECORRIDO DE LUZ EN SANTIAGO DE COMPOSTELA (España).

- II. Na **segunda xornada de traballo** do grupo WP4, os participantes tivemos a oportunidade de asistir a unha serie de presentacións de empresas do sector da tecnoloxía e a imaxe dixital con sede na comarca de GrandAngoulême.

A finalidade deste seminario foi que os distintos membros do proxecto virán tódalas posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e a súa posible aplicación nos distintos proxectos adscritos a Revalorización do Patrimonio.

As empresas que presentaron a súa tecnoloxía foron:

- ENJMIN (especializada en Video Xogos)
- NAYADE (especializada en Imaxe e 3D)
- IGS (especializada en novos soportes)
- SCUB (especializada en novos soportes)
- 2d3d (especializada en Video Xogos e imaxe virtual)

A medida que as distintas empresas facían a súas presentacións ían propoñendo aplicacións para os distintos proxectos e os distintos

representantes dos membros do Proxecto expoñían a súa viabilidade dentro do marco das accións a se desenvolver nas accións individuais de cada un dos socios.

III. Na **terceira xornada de traballo** só estiveron representados o membros e expertos enviados por cada socio de IMAXINA ATLANTICA:

- GrandAngoulême (anfitrión)
- Technium Cast
- Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Xunta de Galicia
- Deputación de Ourense
- Eixo Atlántico
- Fundação da Juventude
- Amnyos Consultants

O fin desta xornada de traballo foi a definición da acción do plan para a creación dun produto turístico piloto.

O primeiro e mais importante será crear unha “marca” de proxecto. Falouse de crear unha mascota (incluso a súa posibilidade de representala en 3D nas distintas accións). Esta marca podería ser sempre a mesma en tódalas accións pero representada en cada unha delas con algo típico da zona onde se desenvolva a acción (por exemplo, traxe típico da zona). Para o desenvolvemento e comercialización da marca/mascota presentouse como voluntario TechniumCast.

Outra idea a desenvolver será a creación dunha plataforma virtual empregando tecnoloxía Epub para unir a tódolos socios e proxectos na rede. Como base de traballo propúxose seguir o modelo People’s Collection, co fin de intentar crear tamén unha rede social.

Quedou claro que cada socio terá independencia para o desenvolvemento das súas actividades individuais e que os xefes de fila porán sempre a disposición dos distintos socios os seus coñecementos, experiencias e consellos para que cada acción chegue a bo porto.

Xa por ultimo estableceuse o calendario de traballo para as distintas accións, quedando as fases de traballo da seguinte maneira:

DECEMBRO 2010

Recompilación de propostas das empresas do sector para a creación do proxecto piloto

ABRIL 2011

Reunión en Gales para a presentación das negociacións para o desenvolvemento e posta en practica do Proxecto Piloto

ATA decembro 2011

Creación do Proxecto Piloto nas súas distintas fases e aspectos

Ano 2012

Desenvolvemento e posta en practica dos distintos proxectos individuais para a revalorización do patrimonio

IV. Na **cuarta xornada de traballo** tivemos a oportunidades de visitar as seguintes entidades:

- Escola de Oficios do Cinema de Animación
- Museo da Banda Deseñada
- Centro Europeo de Produtos da Infancia

Na **ESCOLA DE OFICIOS DO CINEMA DE ANIMACIÓN**, fomos quen de ver como perante dous anos e dunha maneira totalmente innovadora se preparan os futuros creadores do documental de animación. Un sistema baseado no traballo autodidacta e só guiado por distintos expertos invitados cada ano para dar conferencias e seminarios aos alumnos.

Nesta escola atopamos a un alumno de Vigo que cursaba o seu primeiro ano na escola despois de rematar os seus estudos de Belas Artes e que a súa vez nos contou tódalas súas vivencias na escola ou o contento que estaba por ter a oportunidade de ser admitido neste centro de referencia

europaea onde se forman os mellores creadores de Francia.

No novo edificio do **MUSEO DA BANDA DESEÑADA** puidemos admirar a magnífica colección do cómic francés e estadounidense que posúen e a súa exposición cronolóxica e didáctica adaptada para tódolos públicos.

Un centro de referencia en Francia e que comparte coa Biblioteca nacional de París o ser tamén o Arquivo Nacional da Banda Deseña de Francia, feito polo que posúen tamén na súa biblioteca tódalas publicacións feitas no país.

Xa por último, unha das visitas máis interesantes foi ao **CENTRO EUROPEO DE PRODUCTOS DA INFANCIA** onde comprobamos como este centro adscrito a Universidade de Poitiers imparte un Master de dous anos de duración único en Europa e baseado única e exclusivamente nos estudos e comercialización de produtos dirixidos á infancia. Un master que no próximo ano se impartirá en lingua inglesa para dar a oportunidade a alumnos de fala non francesa de participar no mesmo.

Este centro colabora nos estudos de mercado e comercialización de empresas como DANONE e NESTLE entre outros moitos e os seus alumnos (dado a especialización e fama do centro) atopan oportunidades de traballo nas mellores empresas do sector a nivel mundial.